



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia medieval de Galicia

Materia	Historia medieval de Galicia			
Código	O02G251V01907			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos da sociedade medieval no antigo reino de Galicia xeral			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	B1	C5	D10 C19	
Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo	B1	C5	C12 C13	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	A2	B3	C23	D5 D7
	A4			
	A5			

Contidos	
Tema	
1.- Alta Idade Media (ss. V-X)	1.1.- Introducción a historia medieval de Galicia: historiografía e fontes 1.2.- A Galicia xermánica: o reino svevo e a cristianización (ss. V-VII) 1.3.- Galicia no reino de Asturias: política, economía, sociedade e cultura (ss. VIII-X)
2.- Plena Idade Media (ss. XI-XIII)	2.1.- A constitución do reino de Galicia e a integración na coroa de Castela 2.2.- A plenitude feudal: organización económica e social 2.3.- A igrexa e a cultura nos séculos XI a XIII
3.- Baixa Idade Media (ss. XIV-XV)	3.1.- Crise e recuperación na Galicia baixomedieval 3.2.- As transformacións na sociedade 3.3.- A guerra irmandiña 3.4.- O reino de Galicia ás portas da Modernidade

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	14	14	28
Traballo tutelado	10	30	40
Obradoiro	12	12	24
Saídas de estudo	3	3	6
Seminario	3	3	6
Traballo	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	10	11
Observación sistemática	2	8	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade encamiñada a tomar contacto co alumando e presentar o programa da asignatura
Lección maxistral	Exposición polo profesorado dos contidos do programa, ofertando directrices teóricas e metodolóxicas.
Traballo tutelado	Elaboración polo alumnado dun traballo baseado en fontes e bibliografía
Obradoiro	Sesións prácticas e de debate co obxectivo de prover ao alumnado de instrumentos e habilidades que faciliten a elaboración do traballo tutelado, ao que estarán dirixidas estas sesións
Saídas de estudo	Saída de estudo co obxecto de amosar ao alumnado unha institución ou monumento relevante da historia medieval galega
Seminario	Sesións encamiñadas a asesorar ao alumnado nas actividades docentes, resolver dúbidas e problemas relacionados co proceso de aprendizaxe

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado na aula, no despacho, na plataforma Moodle, na aula Campus Remoto ou mediante o correo electrónico, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc.
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo). Docencia presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: aula Campus Remoto (enlace en FaiTic, UVigo).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas.	50	A2 A4 A5	C23 D5 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación mediante unha proba ao rematar as sesións teóricas con preguntas abertas a desenvolver sobre temas ou cuestións da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia. Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo.	30		B1 C5 D10 C12 C19
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado mediante a súa participación na realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	10		C5 D10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución dos problemas presentados nos obradoiros con entrega dos resultados acadados. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	10		B3 C23 D5 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poderá seguir a materia a través do curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles

O alumnado matriculado na materia ten dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continúa examínase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberá realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Dito exame constará dunha proba de resposta curta. Exame e traballo comporarán, cada un, o 50% da nota final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Andrade Cernadas, J.M. e Pérez Rodríguez, F.J., **Galicia medieval**, Vía Láctea, 1996

Portela, E. e Pallares, M^a C., **Nova historia de Galicia. Idade Media**, Tambre, 2000

Rodríguez González, A., **Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños**, Fundación Barrié de la Maza, 1984

Bibliografía Complementaria

Portela, E. e Pallares, M^a C., **A gran historia de Galicia. Tomo IV e V**, Arrecife, 2007

Portela, E. e Pallares, M^a C., **De Galicia en la Edad Media. Sociedad, espacio y poder**, Xunta de Galicia, 1993

García Oro, J., **Galicia en los siglos XIV y XV**, Fundación Barrié de la Maza, 1987

Pallares, M^a C. e Portela, E., **Atlas histórico de Galicia. H^a Medieval**, Nigratrea, 1998

Pérez Rodríguez, F.J., **Historia medieval de Galicia: balance historiográfico, Minius, vol. 18**, Universidade de Vigo, 2010

López Carreira, A., **A cidade medieval galega**, A Nosa Terra, 1999

López Carreira, A., **Os Irmandiños : textos, documentos e bibliografía**, A Nosa Terra, 1991

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://faitic.uvigo.es>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
